

Letras Galegas, tamén en Euscadi

O recentemente creado Lectorado de Estudios Galegos da Universidade do País Vasco organiza esta semana un ciclo de conferencias co gallo do Día das Letras. As xornadas centraranse, como non podía ser doutro xeito, na figura de Eladio Rodríguez. Unha exposición bibliográfica, un recital poético, unha sesión de contacontos, un xantar galego e tamén a Edición Especial do Certame Literario “Galicia en Euskadi” complementan as propostas do Lectorado.

- 11:10 14/05/2001

O programa completo dos actos presentámolo a seguir:

Luns, 14. Ás 12:00. Inauguración da exposición bibliográfica na Biblioteca Koldo Mitxelena da Facultade de Filoloxía e Xeografía e Historia da [UPV/EHU](http://www.upv.es).

Martes, 15. Ás 12:00. Conferencia do profesor Armando Requeixo sobre a literatura galega entre os séculos XIX e XX.

Ás 16:30, Armando Requeixo pronunciará unha conferencia sobre a literatura galega de preguerra.

Mércores, 16. Ás 12:00. Conferencia do profesor Luís Alonso Girgado sobre Eladio Rodríguez e a súa contribución á cultura galega.

Ás 16:30, o mesmo Alonso Girgado pronunciará unha conferencia sobre a produción literaria e lexicográfica de Eladio Rodríguez.

Xoves, 17. Ás 12:00. Proxección do filme ‘A lingua das bolboretas’, dirixido por José Luis Cuerda e baseada nun relato de Manuel Rivas.

Ás 16:30, haberá un recital de poesía galega de todas as épocas, a cargo de Pilar Corcuera e Ángela Serna (Grupo Xuxurlak) e Celso Fernández Sanmartín.

Venres, 18. Ás 12:00. Sesión de contacontos a cargo de Celso Fernández Sanmartín.

Ás 15:00, haberá un xantar galego no Centro Galego de Gasteiz, que pechará os actos de celebración das Letras Galegas.